



# O IES Ribeira do Louro, un referente educativo e cultural na área de O Porriño

» O centro destaca polo amplo abano de ensinanzas que imparte, a flexibilidade horaria e a inserción dos diversos sectores sociais da bisbarra no proceso educativo

REDACCIÓN [VIGO]

Inaugurado no ano 1992, o IES Ribeira do Louro é un referente na área educativa e cultural de O Porriño. Está situado á beira do río que lle dá nome, na parroquia de Torneiros, e é precisamente esta ubicación no extrarradio da vila o que lle concede ese valor de pluralidade sobre o que se constrúe o seu proxecto educativo. O amplo abano de ensinanzas que se imparten, a flexibilidade horaria (diúrno e nocturno) e a inclusión dos diversos sectores sociais da bisbarra no proceso educativo son os seus principais compoñentes.

O centro comezou sendo un instituto de Formación Profesional e ao longo dos anos foi adaptándose aos distintos marcos educativos ata chegar a ser o que é hoxe: un centro que incorpora todas as modalidades de ensino secundario e formación profesional: Educación Secundaria Obrigatoria (ESO); Educación Secundaria para Adultos (ESA) en horario nocturno; Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais; e Formación Profesional.

Neste eido, imparte os ciclos de Servizos Comerciais e Electricidade e Electrónica da Formación Profesional Básica; os ciclos medios de Instalación de Comunicacions e Xestión Administrativa; e os ciclos superiores de Comercio Internacional, Adminis-



Alumnado de Bachelato no laboratorio de Física e Química. // Cedita

tración e Finanzas e Mantemento de Equipos Electrónicos (Modalidade FP Dual).

Así mesmo, ofrece Ensinanzas Básicas Iniciais para persoas adultas, en horario nocturno; clases de acompañamento fóra do horario escolar ordinario para alumnado de ESO (PROA); e probas libres para a obtención do título de ESO destinadas a persoas adultas.

## Internacionalización

O Ribeira do Louro é colaborador e promotor dende o ano 1996 de proxectos europeos a través dos que se realizan diversas mobilidades. Deste xeito, ao longo destes anos, alumnado do ciclo superior de comercio internacional e profesorado do centro tiveron a oportunidade de viaxar e participar en actividades de formación en países asiáticos e europeos. Do mesmo xeito, as aulas do instituto acolleron un importante número de alumna-

do destes países. Este proceso está cimentado nun marco de colaboración do instituto con universidades extranxeiras.

O alumnado do IES Ribeira do Louro experimenta así un importante enriquecemento cultural ao estar inmerso na vida universitaria destes países. O estudiantado de ESO e Bacharelato tamén participa activamente en Programas Erasmus plus no marco de Proxectos de Asociacións Estratéxicas

No marco de colaboración co Concello de O Porriño, o instituto participa así mesmo dende o curso 2017-18 nun intercambio de alumnado con A Fronsadais, na rexión de Burdeos (Francia) e actualmente estase a traballar na incorporación dun novo intercambio con Croacia.

Por outra banda, o centro está inscrito na Rede Internacional de Centros de Climántica e pertence á Rede de Centros de Amnistía Internacional. A educación

en valores, a sensibilidade fronte ás actitudes que atentan contra os dereitos humanos e a inclusión son piares fundamentais nos que se sustenta o actual proxecto educativo.

## Extraescolares

A transversalidade no proceso educativo global e a atención ás potencialidades artísticas do alumnado xustifican cumpridamente a realización de actividades extraescolares que responden ao seu interese e fortalecen a súa formación persoal e académica. No presente curso escolar 2019-2020 realizaranse as seguintes: Club de Lectura (para alumnado e adultos, aberto ás familias), dous grupos de teatro, olimpiada de xeoloxía, canto coral, ruada rosaliana, dramatización "as mulleres na historia", as matemáticas na rúa, espeleoloxía no Courel e un importante número de saídas promovidas polos distintos departamentos

educativos: museos (no pasado curso o alumnado de Humanidades tivo a oportunidade de visitar os principais museos de Roma e Madrid), concertos, conferencias, exposicións, festivais, roteiros, obradoiros de matemáticas estas saídas complétanse coa viaxe fin de etapa para o alumnado de 4º de ESO, que cada ano visita unha emblemática cidade europea, como por exemplo Budapest, que foi a elixida o curso pasado.

Xa cun carácter máis lúdico, todo o alumnado de ESO e bacharelato participa nas xornadas festivas de índole popular establecidas polo centro (Magosto, Entroido) e, como colofón, unha Xornada de Convivencia ao remate do curso escolar.

## Conmemoracións

Outro dos obxectivos primordiais do Ribeira do Louro é achegar o centro á sociedade, saír do marco da aula e participar masivamente daquelas conmemoracións encamiñadas a espertar a sensibilidade do alumnado ante a inxustiza, a desigualdade e a progresiva perda da nosa lingua. Estas conmemoracións, por orde cronolóxica de celebración anual, son as seguintes: Día Mundial contra a Violencia de Xénero, Día Mundial pola Paz, Día Mundial dos Dereitos Humanos, Día Internacional sobre o Autismo, Día Internacional da Muller Traballadora, Día do Libro, Día de Rosalía, Día do Pobo Xitano e semana das Letras Gallegas.

## Eventos e concursos

O alumnado do centro participa tamén en eventos e concursos, o que se convirte nun elemento de motivación e cohesión. Por esta razón, os responsables do centro apostan por acudir a estas citas que espertan un enorme interese polos estudantes ao tempo que lles dan unha notable proxección ao centro. Do curso anterior pódense destacar a X Olimpiada de xeoloxía, Proxecto Helsinki (Afondamento nos dereitos humanos), Certame Internacional de Economía "Young Business Talents" (Madrid), Congreso de Internacional de Centros de Climántica e Premio de Teatro Roberto Vidal Bolaño en colaboración co Concello de O Porriño e a Editorial Galaxia.